



ACORDO DE 25 DE AGOSTO DE 2016 POLO QUE SE FAI PUBLICA A RELACIÓN DE ORGANIZACIÓNS CANDIDATAS NA SEGUNDA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO- FEMP 2014-2020

A orde de 6 de abril de 2015 fai pública a convocatoria de selección de candidatos a Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro para a elaboración de Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia. Esta orde establece os requisitos, procedemento e convocatoria para a selección dos candidatos a GALP, que presentarán unha EDLP. Por outra parte, mediante a Resolución do 10 de maio de 2016 desta Dirección Xeral, realizouse unha segunda convocatoria de selección de candidatos para a elaboración da EDLP de conformidade co procedemento establecido na citada Orde de 6 de abril de 2015, co obxectivo de cubrir a parte do territorio costeiro galego que quedara sen asignar na primeira convocatoria (concellos de Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña e Arteixo).

No artigo 11.2 da Orde de 6 de abril de 2015 establécese que unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase a relación de candidatos na páxina web da Consellería do Medio Rural e do Mar e abrirase un período público de consultas para que calquera persoa alegue o que considere conveniente.

Con data 25 de agosto de 2015 o xefe de sección de Grupos de Acción Costeira, do servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca, órgano instrutor do procedemento de selección de candidatos, emite informe da relación de solicitudes presentadas para dito procedemento e propón a publicación web da relación de organizacións candidatas.

Visto o exposto, esta dirección xeral **ACORDA:**

Facer pública a relación anexa de organizacións candidatas a Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro presentadas á segunda convocatoria regulada pola Resolución Resolución do 10 de maio de 2016 e abrir un período público de consultas para que todas as persoas interesadas podan realizar as alegacións que consideren oportunas.

A relación publicarse na páxina web <http://mar.xunta.gal> e ata o día 5 de setembro de 2016, inclusive, queda aberta a fase de consulta pública para realizar as alegacións que consideren oportunas, que se presentarán preferentemente na seguinte dirección de correo electrónico: galp.cm@xunta.es

Santiago, a 25 de agosto de 2016

Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo





ANEXO

Candidaturas presentadas ao proceso de selección de candidatos a Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro no ámbito territorial dos concellos de Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña e Arteixo (Resolución do 10 de maio de 2016)

| | ASOCIACIÓN CANDIDATA SELECCIONADA A GALP | NIF | ÁMBITO TERRITORIAL DE ACTUACIÓN (MUNICIPIOS) |
|---|---|-----------|---|
| 1 | GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO "GOLFO ÁRTABRO SUR" | G70184494 | BERGONDO, SADA, OLEIROS, CAMBRE, CULLEREDO, A CORUÑA E ARTEIXO. |

